



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 38 – XUÑO 2008

ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos (Lugo)-Avenida da Fábrica da Luz s/n, 27004 Tfno.: 982 245 142

Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32.660 – Ourense Tfno.: 988 442 428

Correo Electrónico: ovica@ovica.org

Páxina web: www.ovica.org

CAMPAÑA DA RAPA 2008

O equipos de tosquiadores contratados por OVICA xa remataron a campaña da rapa 2008, segundo os prazos previstos ó inicio, rapáronse en total case 33.000 ovellas en menos de dous meses e medio de campaña e queremos aproveitar para agradecer a tódolos socios que raparon con OVICA a súa paciencia e colaboración.


Como ben sabedes os cambios obrigados de última hora na recollida da la ocasionaron algún problema e atrasos, agravados nos últimos días pola folga do transporte. Se a algún socio aínda non lle recolleron a la que se poña en contacto con OVICA para axiliza-la recollida e, igualmente, todos aqueles socios interesados en **volver a rapa-lo rebaño no outono** (finais de agosto-setembro), poñerse en contacto cos técnicos de OVICA.

O VERAN E AS MOSCAS

Coa chegada do bo tempo, os insectos aproveitan para multiplicarse, podendo ocasionar patoloxías.

As moscas aproveitan pequenas feridas ou orificios naturais do animal (fosas nasais..) para poñer os ovos. Destes saíran as larvas, chamadas MIASES. O tratamento pasa por unha desinsectación e nalgúns casos un produto inxectable.

Ponte en contacto co teu veterinario da ADSG para que te asesore no mellor dos tratamentos a levar a cabo.



SECTOR OVINO – CAPRINO DE LEITE

Técnicos de OVICA mantiveron unha reunión o pasado mes de maio co Director Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, D. Antonio Oca, na que se presentou o "**Plan de Acción para o Ovino e Caprino de Leite para os anos 2008 e 2009**" elaborado por OVICA.

Froito desta reunión acadáronse os seguintes acordos:

- O compromiso que o LIGAL vai realizar análises de leite de ovella e cabra.
- O apoio a OVICA para a realización dunha oficina técnica cara os gandeiros do sector.
- A posta en marcha este ano do "Programa de mellora da calidade do leite de ovella e cabra".
- A sinatura dun convenio entre a Consellería, a Aula de Productos Lácteos e OVICA para a dinamización do sector da transformación do leite de ovella e cabra.

Posta en marcha dun novo servizo de OVICA:

OVICA iniciará o Programa de Xestión Técnico -Económica de Explotacións de ovino e caprino de leite.

OVICA realizará un estudo nestas explotacións para establecer os marxes productivos e facer un seguimento da súa produción.

RAZAS: INRA 401



Raza cárnica seleccionada en Francia (Bourges) a partir do cruzamento de varias razas prolíficas e cárnicas, entre elas Romanov e Berrichon du Cher.

De tamaño mediano, pero de gran robustez (machos de 90-100 kg, femias ata 65-70 kg).

- Rusticidade e precocidade sexual
- Elevada fertilidade e prolificidade (2 ou 3 años por parto)
- Boa produción leiteira e instinto maternal e coidado dos años
- Elevadas ganancias medias diarias dos años, tanto en partos simples como dobres.
- Raza moi usada para cruce industrial, elevado poder de enrazamento.



CAIXA RURAL GALEGA

COMPRA - VENTA

- Véndese rabaño de 287 dereitos e 240 ovellas en Sarria. Tfno.: 615 666 533 – 982 530 367
- Véndese rebaño 85 ovellas con años e 108 dereitos. Información: 982 177906 (Xermade)
- Véndense 5 ovellas e 1 macho. A Baña (A Coruña) Tfno.: 981 886 632
- Véndense machos Berrichon e Charolés (Cospeito) Tfno.: 636 793 390
- Véndese mastín dócil 1 ano e medio, axeitado para gando ou finca. Tfno.: 676 403304 (M^a Carmen)
- Véndense cachorros de mastín de 3 meses aprox.. (200 €) Tfno.: 629 086 879 (Dora)
- Véndense 2 eguas en O Irixo. Tfno.:988 361187 – 653 687 921
- Como Cabras S.C.G. (Castro Caldeas – Ourense) Tfno. 659083339 – 628474264, vende:
 - Venta de cabritos vivos, de poucos días, para criar na casa, 20 €/unidade
 - Véndense cabritas raza murciano - granadina para recría, 135 €/unidade
 - Vendese esterco de cabra
- Véndense años/as INRA 401 para recría. Neda (A Coruña) Tfnos.: 981359825 – 646 063 428
- Vendese macho de 2 anos para reproductor. (Castroverde – Lugo) Tfno.: 678489345
- Cómpranse ovellas galegas. María (Lalín) Tfnos.:986 682 423 – 630 853 926

AXUDAS

AXUDAS Ó SACRIFICIO OBRIGATORIO

Orde do 11 de marzo 08 (DOG nº 55) Axudas para a compra de gando bovino e ovino- cabrún para a reposición das reses como consecuencia do sacrificio obrigatorio. Prazo ata o 21 de novembro!

ORDEN APA/165/2008, DO 31 DE XANEIRO

Axudas do Igape a titulares de explotacións destinadas á bonificación dos xuros dos préstamos formalizados ó abeiro desta Orde, para paliar os problemas de financiamento das explotacións debido ós problemas que atravesaba o sector.

ORDE DO 9 DE XUÑO DE 2008

Premio ás actividades produtivas no medio rural pola súa contribución á conservación, recuperación e posta en valor do territorio histórico dos camiños de Santiago para o ano 2008. Prazo ata 30 de outubro de 2008!

ORDE 16 MARZO 2008

Programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias.

¡prazo ata 30 setembro de 2008!

CABRA GALEGA

Estudio das razas de cabra en Galicia.

Despois de realizar unha sondaxe sobre a presenza e o estado da posible raza caprina galega "rubia", OVICA segue co seu estudo das posibles razas autóctonas de cabras en Galicia.

Así pois, técnicos de OVICA xunto con técnicos da Xunta de Galicia, visitaron recentemente no Macizo Central de Ourense varios rebaños de cabras co obxectivo de estudar os diferentes troncos raciais presentes.

Todo parece indicar que ó primeiro prototipo racial proposto, se engade un segundo. OVICA seguirá estudiando os diferentes troncos raciais presentes nos rebaños de cabras de Galicia nos próximos meses, co obxectivo de poder determinar así cal ou cales serán a/as posibles razas de cabra galega para a súa conservación e promoción.

PREVENCIÓN DE DANOS DE LOBO: LIÑAS DE BANDEIRAS



A consellería de Medio Ambiente e D. S. facilita, a través de OVICA, as liñas de bandeiras ou "Fladry", método preventivo disuasorio contra os ataques de lobo. Todos aqueles interesados en conseguilas e probar resultados que se poñan en contacto con OVICA.

GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL

OVICA, seguindo coa súa política de apoio ó desenvolvemento rural e á instalación de novas explotacións, presentase para formar parte en moitos dos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) de Agader.

Todos aqueles socios interesados en representar a OVICA no GDR da súa zona, que contacten con OVICA para tramita-la representación.



ADSG ACIVO
Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira
de ovino e caprino de Galicia

OVICA
evolución na calidade